

NORMAS DE PARTICIPACIÓN ENTROIDO 2015

1.- Realizarase un desfile dende a **Pavillón da Mocidade (A Gándara)** ata o **Pazo da Cultura** e, de seguido, un festival de comparsas no mesmo.

2.- Os días de inscrición serán do **26 ao 30 de xaneiro**, en horario de **09:00 a 14:00** e de **17:00 a 19:00 h.**, no **Pazo da Cultura**, tendo que presentar **6 copias** das letras a interpretar e os datos persoais do representante da comparsa.

3.- Poderán inscribirse **un máximo de 7 comparsas de Narón e 3 de fóra deste Concello**. A selección das comparsas participantes farase por **estricta orde de inscrición**. No caso de non cubrirse o número de comparsas de Narón, poderá cubrirse con comparsas de fóra, e viceversa, sempre que a organización o estime oportuno.

4.- O Padroado resérvase a posibilidade de convidar algunha outra comparsa, tanto de Narón como de fóra, comprometéndose esta a participar unicamente nos actos do Día do Entroido en Narón.

5.- Tódalas comparsas participantes no festival farán o percorrido dende a **Pavillón da Mocidade ata a Pazo da Cultura**, a pé, o **sábado día 14 de Febreiro**, sendo a saída conxunta ás **17:30 horas**.

6.- As letras a interpretar polas comparsas falarán, **obrigatoriamente**, de **temas locais do Concello de Narón**, sendo o idioma a empregar: **o galego**.

7.- Cada comparsa estará formada por un mínimo de **15 membros** que deberán ser, na súa maioría, **persoas de máis de 14 anos**.

8.- Cada comparsa disporá dun tempo **máximo de 10 minutos** para actuar nos que, co bo humor, fará crítica de todo o que nos trouxo o ano 2014.

9.- Tódalas comparsas participantes no festival e que sexan de Narón (**enténdese por comparsas de Narón, aquelas en que, como mínimo, o 75% dos seus compoñentes residen en Narón. Dato este que poderá ser comprobado pola organización**), terán a obriga de facer unha actuación na súa parroquia e outra en calquera outra parroquia do Concello, con percorrido se é posible.

10.- O Padroado da Cultura asignará unha axuda económica a tódalas comparsas participantes, coa seguinte contía:

Comparsas de fóra de Narón	250 €
Comparsas convidadas	250 €
Comparsas de Narón	500 €

11.- As Comparsas de Narón participantes no programa de Dinamización Hostelera e de Comercio, percibirán una aportación económica a maiores de **100 €** por día de participación ata un máximo de 200 €, **podendo entón percibir una contía de ata 700 €**.

12.- Establécense os seguintes premios: **1º, 2º e 3º Premio**. Estes consistirán nunha figura, recordo do Día do Entroido.

13.- Para o outorgamento dos premios, por parte do xurado designado polo Padroado, terase en conta:

- A orixinalidade dos disfraces.**
- O enxeño da crítica feita na actuación.**
- A calidade musical.**
- O que cada actuación supoña de recuperación do Entroido en Galicia.**

14.- A participación das comparsas no festival supón a aceptación das presentes normas.